

Poética do óxido

ARMANDO REQUEIXO
armandorequeixo@hotmail.com



**O CORPO TRANSPARENTE
DAS HORAS**
ABRAHAM PÉREZ
Editorial Galaxia

o actual concerto literario galego a vía ensaiada polo lugués Abraham Pérez singularízase pola súa particular praxe poética.

Lonxe de estéticas máis ancoradas no propiamente lírico, a súa é unha escrita fortemente conceptual, instalada no filosófico e, aínda máis, no ontolóxico.

Apenas estreada a trintena, Pérez pode presumir xa de títulos como *Fragmento/ Creba* (2020) e unha *Teoría para os espectros* (2021), poemarios en galego, aos que cómpre sumar os relatos de *Esféricas* (2017) e mais o libro de versos *Materiales básicos de la carencia* (2018), en castelán.

Gañador de diversos certames e ocasional tradutor, este colaborador de diversas revistas literarias acaba de publicar na referencial Colección Dombate da Editorial Galaxia o novo poemario *O corpo transparente das horas*, un texto no que continúa e completa unha liña creativa que comezara hai un par de anos con *Fragmento/ Creba* e que forma parte dun ámbito poético que o autor gusta de chamar o Ciclo do Óxido.

Os versos de Pérez profundan no dicir ontolóxico, unha procura da comprensión e plasmación das relacións entre os entes, en tanto aquilo que se dá, que é existente e que, como tal, sucede para nós como individuos. Mais esta escrita vai gandándose tamén con fías que a converten nun tratado xeral do que participan tamén a Ética, a Estética, a Gnoseoloxía, a Epistemoloxía, a Antropoloxía ou a Filosofía da Linguaxe, entre outras.

Nestes versos adquiren papel protagónico conceptos como o da memoria, o tempo, a paixón, a beleza ou o ben. Hai aquí unha visión da lembranza conceptualizada como densidade memorialística, ese "son constante da interrupción/ parcelas de alcatrán/ como densidade da memoria". E tamén unha reconfiguración abrangente do temporal, un pasado-presente-futuro que gravita esférico na "aparición do corpo/ derramado ao senso/ exposto á memoria/ e xulgado ante a inminencia/ do instante".

Ante tal contexto, a palabra, o sentido da escrita revélase no estudo da vida intersticial. Do que se trata é de comprender a vida como un habitar os ocios, a resolución dese ir e vir entre instantes, todo fragmentarismo, creba e disolución. Velái a dificultade, "a imposible restitución da creba/ como punto de sutura/ liña fragmentaria/ morfoloxía da memoria". Nesa coor-



Abraham Pérez

denada, un territorio para o coñecemento propio é a memoria persoal, a rememoración da tribo, un "interludio" na arquitectura sexpartita deste poemario.

Tema non menor é tamén o da función do poético, o papel do escritor e do seu dicir. Aquí a verba interprétase como unha fluencia, como aquilo que nos faculta para intuír as realidades non evidentes, a argamasa que conecta os seres e anula os baleiros: "a pertinencia da linguaxe/ no desacougo dos ocios/ a porosidade conceptual/ revestida/ do acto involuntario".

Polo tanto, a de Pérez é unha Estética que se reviste de tres esteos fundantes: é enunciativa por canto se mostra e se demostra non tanto como evoca (conceptual e non lírica); é sin-

tagmática porque resulta substantiva, elimina o non nuclear da súa semántica; e é esencializada porque desarbora do discurso aquilo que é prescindible.

Inscrita nun pescudar incansable do sentido dos baleiros, da violencia da fenda e da súa superación, esta escrita de Pérez conecta coa estética ética de Daniel Salgado ou María do Cebreiro, mais tamén coa poesía filosófica ou esencialista de Luís Valle, Rebeca Baceiredo, Carlos Lema e Ricardo Neto, por citar só algunhas voces que andan camiños converxentes.

Como nos ensinan estes versos, todo resulta da "pulsión perante a beleza/ e a repulsión perante a realidade/ [o desexo de permanencia da verba após a morte]". Velái a angueira, a voz, o óxido.